


A SOMBRA DOS SONHOS





A Sombra dos Soños é o proxecto musical do compositor, guitarrista e cantante galego Jose Carballido, no que o rock e o metal conviven coa música tradicional galega e elementos electrónicos.

No 2023, a banda publica o seu primeiro álbum "I". Ao longo de 2024 e 2025, continúa con varios sinxelos nos que se acentúa a influencia tradicional e se incorporan pinceladas electrónicas que dan novos matices ao son da banda, que conviven co rock que sempre estivo presente na súa música, combinando momentos intensos e contundentes con outros máis tenros e íntimos, sen deixar de lado a troula e o baile. Estas pezas acaban conformando o EP Lembranzas Futuras, que se publica en Xuño de 2026.

Carballido amosa no seu proxecto a continua transformación que experimenta como músico e compositor, partindo das súas raíces galegas, da súa formación clásica e das influencias do rock, sen perder de vista as vangardas. A Sombra dos Soños é unha proposta que une memoria e innovación, tradición e modernidade, na procura dunha obra atemporal nun universo propio e inexplorado.



Xénero: Rock-Metal/Tradicional/Electrónica

Duración do espectáculo: 70-90 minutos

Dispoñible en varios formatos: banda ou trío

- Jose Carballido: composición, arranxos, voz e guitarras.
- Diego Lestón: batería.
- Daniel Añón: guitarras.
- José Roca: teclados.
- Javier Carrión: baixo.


O directo de A Sombra dos Soños é unha experiencia intensa e vibrante na que a potencia da banda, a calidade musical e a conexión co público converten cada concerto nun momento único. Cunha posta en escena enérxica e un son contundente, o grupo crea un espectáculo capaz de emocionar, sorprender e facer que o público desfrute de principio a fin. Non o cres? Pincha e mira este resumo:

[A Sombra dos Soños en directo](#)

Jose Carballido gañou o concurso Recantos da TVG. Pincha para ver algúns anacos do seu paso polo concurso: [Jose Carballido en Recantos](#)

[Páxina web A Sombra dos Soños](#)

PINCHA NAS ICONAS PARA ACCEDER ÁS NOSAS REDES:



Contacto: contratacionasombra@gmail.com

Sobre Jose Carballido, o mestre rockeiro de Caión

Jose Carballido é músico, compositor, cantante, guitarrista e mestre de música galego. Cunha ampla traxectoria artística, desenvolveu proxectos que abranguen o rock progresivo, o metal, a música acústica e a fusión coa tradición galega. O seu traballo acadou recoñecemento internacional coa nominación aos Progressive Music Awards (ProgAwards) polo álbum Requiem. Como creador e líder de A Sombra dos Soños, aposta por unha música de autor en galego, combinando innovación, calidade musical e compromiso coa lingua e a cultura do país.

Paralelamente á súa carreira artística, exerce como docente, promovendo a educación musical e transmitindo a súa paixón pola música ás novas xeracións. En 2025 proclamouse gañador do concurso Recantos da TVG, dentro do programa Luar, un recoñecemento que puxo de manifesto a súa versatilidade como intérprete e a súa capacidade para conectar con públicos moi diversos. A súa vitoria no concurso proporcionoulle unha importante proxección mediática, con presenza habitual en medios de comunicación e escenarios de toda Galicia, consolidando o seu recoñecemento entre o público galego.



La Voz de Galicia

FUGAS

Jose Carballido, guitarrista e vocalista de A Sombra dos Soños: «Se unhas músicas non bebesen doutras, aínda golpearíamos pedras para crear sons»

CARLOS CRESPO



Hai un par de anos petárono cunha fusión de muíneira e metal. Agora chega «Lembranzas futuras», un disco no que o tradicional e o rock seguen presentes, pero con achegas da electrónica

26 Jun 2026. Actualizado a las 12:24 h.

THE METAL CIRCUS

Nace la muñeira gallega metalera: así suena el resultado

por Sergi Ramos / 06/05/2024 18:07



A SOMBRA DOS SOÑOS

nos medios

Promo Radio e tele



La Voz de Galicia

elCorreoGallego

La Voz de Galicia

Lleno en Caión para ver al profe rockero: ¡el álbum!

Repasa, en estas imágenes, cómo fue el concierto de Jose Carballido en los Rueiros da V de Caión

29 ago 2023 · Actualizado a las 00:30 h.



Ahón, esda., Carnota, Roca, Carballido e Lestón / a sombra dos soños / J. M. R.

¿Ya nos sigues?

Añádenos en Google

Añade a La Voz de Galicia en Google

CARBALLO

Jose Carballido, de mestre roqueiro de Caión a Recanteiro do programa «Luar»

JOSE CARBALLIDO

Docente e artista



En primeira persoa | Entrei no programa sen saber moi ben que ía atopar (...), coa cabeza

Diariofolk

Revista de actualidade musical

Inicio · Noticias · Entrevistas · En vivo · Blogs · A fondo · Opinión · Guía

Inicio · Galicia · "A sombra dos soños" lanza o seu novo single "Ti es vida"

OTRAS NOTICIAS

A Sombra dos Soños · Muñeira do Areal

Ver en YouTube

DELFINO.CR

INICIAR SESIÓN

CULTURA COLECTIVA

La banda costarricense Terra Nai lanza tercer sencillo y su primera colaboración internacional

Esta noticia es de hace 10 meses

Terra Nai se ha unido a Jose Carballido en su nuevo sencillo "El Tiempo se Acaba".

La banda costarricense de folk rock/metal Terra Nai se ha unido a Jose Carballido de A Sombra dos Soños (Galicia, España) en su nuevo sencillo,

Diario de Santiago.es

Posterior a la p

El Mu

dedicado a la p

A Sombra dos Soños fusiona muíneira y heavy metal con su nuevo tema original



metalcry.com

Metalcry.com :: Tu Web de Rock y Metal

A Sombra dos Soños abre nuevos caminos con el lanzamiento de 'Lembranzas futuras'

Dani Díez

hace 1 mes

A Sombra dos Soños - O Meigallo (feat. La Sombra dos Soños)

A SOMBRA DOS SOÑOS

O MEIGALLO FT. LA REYES

Ver en YouTube

DIARIO DE UN ROCKERO

Inicio · Actualidad · Noticias · A SOMBRA DOS SOÑOS FUSIONA MUÑEIRA Y METAL EN SU NUEVO DISCO

A SOMBRA DOS SOÑOS FUSIONA MUÑEIRA Y METAL EN SU NUEVO DISCO

Anuncio CRITEO

Periódicos

La Voz de Galicia

A Sombra dos Soños y Terra Nai unen talentos en «El tiempo se acaba»

LA VOZ

Carballido / La Voz

Novedades musicales | Las dos bandas, una gallega y otra de Costa Rica, acaban de lanzar sencillo conjunto, una colaboración internacional

23 Sep 2025 Actualizado a las 12:25 h.

Comentar